

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 28 de maio de 2012, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se resolve o concurso público de méritos entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir a dirección do centro residencial docente da Coruña.

Convocado o concurso público de méritos para adxudicar en comisión de servizos a dirección do centro residencial docente da Coruña, por Orde do 2 de novembro de 2011 (*Diario Oficial de Galicia* número 220, do 17 de novembro), de conformidade co establecido no artigo 6 da citada orde,

DISPOÑO:

Primeiro. Adxudicar, de acordo coa proposta da comisión de selección, tal e como dispón o artigo 6 da citada orde, o posto de directora do centro residencial docente da Coruña a María Isabel Pastoriza Facal, con DNI 76350582-N.

Segundo. No uso das atribucións conferidas polo artigo 10 do Decreto 43/1989, do 8 de marzo, modificado parcialmente polo Decreto 52/2006, do 30 de marzo (*Diario oficial de Galicia* número 64, do 31 de marzo), nomear directora do centro residencial docente da Coruña a M^a Isabel Pastoriza Facal, con DNI 76350582-N.

Terceiro. O nomeamento referido no punto anterior terá efectos económicos e administrativos desde a data de toma de posesión, que deberá ter lugar no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A Coruña, 28 de maio de 2012

Indalecio Cabana Leira
Xefe territorial da Coruña